- Utilización e recoñecemento de patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación básicos: sons e fonemas vocálicos, sons e fonemas consonánticos, identificación e expresión de intencións comunicativas básicas asociadas a eses patróns.
- Utilización e recoñecemento de patróns gráficos e convencións ortográficas elementais: uso das normas elementais de ortografía da palabra, uso adecuado da ortografía da oración (coma, punto e coma), identificación e expresión de intencións comunicativas básicas asociadas a eses patróns.
- Utilización de convencións e estratexias conversacionais moi elementais, en formato síncrono ou asíncrono, para iniciar e terminar a comunicación, tomar a palabra etc.
- Uso de recursos para a aprendizaxe e estratexias de uso común de procura guiada e selección de información como dicionarios, recursos dixitais (tradutores, conxugadores...) e informáticos (correctores ortográficos).
- Respecto da propiedade intelectual e dereitos de autor sobre as fontes consultadas e contidos utilizados.
- Utilización de ferramentas analóxicas e dixitais básicas de uso común para a comprensión, produción e coprodución oral, escrita e multimodal; e plataformas virtuais de interacción e colaboración educativa.
- Uso de elementos coñecidos obtidos de modelos elementais de locucións básicas, para elaborar os propios textos.
- Comparación das linguas e variedades que conforman o repertorio lingüístico persoal para recoñecer estratexias elementais (identificar, organizar, reter, recuperar e utilizar unidades lingüísticas léxico, morfosintaxe, patróns sonoros etc.).
- Uso de estratexias e ferramentas de uso elemental, analóxicas e dixitais, para a autoavaliación e a coavaliación.
- Manexo de expresións e léxico específico de uso común para referirse aos usos da lingua e comprendelos, e as ferramentas de comunicación e aprendizaxe (metalinguaxe).
- Comparación entre linguas a partir de elementos da lingua estranxeira e outras linguas, para mellorar a súa aprendizaxe e lograr unha competencia comunicativa integrada.
- Consideración da lingua estranxeira como medio de comunicación e relación con persoas doutros países, e como medio para coñecer culturas e modos de vida diferentes.
- Interese na participación en intercambios comunicativos planificados, a través de diferentes medios, con estudantes da lingua estranxeira.
- Interese por coñecer aspectos socioculturais e sociolingüísticos elementais relativos aos costumes, á vida cotiá (comida, hábitos, horarios, actividades ou celebracións máis significativas) e ás relacións interpersoais básicas en países onde se fala a lingua estranxeira.
- Utilización de estratexias básicas de uso común para entender e apreciar a diversidade lingüística, cultural e

Contidos

- artística, atendendo a valores ecosociais e democráticos.
- Identificación dalgunhas similitudes e diferenzas elementais e máis significativas nos costumes cotiáns entre os países onde se fala a lingua estranxeira e o propio.
- Actitude receptiva e respectuosa cara ás persoas, os países e as comunidades lingüísticas que falan outra lingua e teñen unha cultura diferente á propia.
- Sensibilidade ante usos discriminatorios da linguaxe verbal e non verbal.

UD	Título da UD	Duración
6	Bom dia, como se sente hoje?	8

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.2 - Usar de forma guiada estratexias básicas de comprensión do sentido xeral, a información esencial, os puntos e as ideas principais, ou os detalles relevantes de textos moi elementais: anticipación do contido xeral do que se escoita con axuda de elementos verbais e non verbais, recursos ás imaxes, títulos e outras informacións visuais moi evidentes, e uso dos coñecementos previos sobre a situación, que dan lugar a inferencias do significado baseadas no contexto, e utilizando as experiencias e os coñecementos transferidos desde as linguas do seu repertorio lingüístico.	Usar de forma guiada estratexias básicas de comprensión do sentido xeral, a información esencial, os puntos e as ideas principais, ou os detalles relevantes de textos moi elementais.	PE	64
CA1.3 - Comprender descrições, narracións, instrucións moi elementais formuladas a través de diversos soportes de xeito moi simple, sobre asuntos prácticos da vida diaria e sobre temas moi básicos previamente traballados, e, no caso da posibilidade de interacción oral, se a persoa interlocutora está disposta a repetir ou reformular o dito cun ritmo moi pausado e articulando moi claramente.	Comprender descrições, narracións, instrucións moi elementais formuladas a través de diversos soportes de xeito moi simple.		
CA1.5 - Redactar textos curtos e moi elementais a partir de modelos moi sinxelos e básicos, cunha finalidade determinada propia da súa idade e do seu nivel escolar, e cun formato preestablecido, en soporte tanto impreso como dixital, amosando interese pola presentación limpa e ordenada do texto.	Redactar textos curtos e moi elementais a partir de modelos moi sinxelos e básicos.		
CA1.7 - Aplicar de forma guiada coñecementos estratexias básicas para producir textos (elección da persoa destinataria, finalidade do escrito, planificación, redacción do borrador, revisión do texto e versión final) a partir de modelos moi estruturados e con axuda previa.	Aplicar de forma guiada coñecementos estratexias básicas para producir textos.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.12 - Utilizar estratexias de activación dos coñecementos previos sobre modelos e secuencias de interacción, e elementos lingüísticos previamente asimilados e memorizados, compensando as carencias lingüísticas mediante procedementos lingüísticos e paralingüísticos.	Utilizar estratexias de activación dos coñecementos previos sobre modelos e secuencias de interacción, e elementos lingüísticos previamente asimilados e memorizados.		
CA2.3 - Comparar e contrastar as similitudes e diferenzas entre distintas linguas do seu repertorio lingüístico.	Comparar e contrastar as similitudes e diferenzas entre distintas linguas do seu repertorio lingüístico.		
CA2.4 - Utilizar e diferenciar de forma progresivamente autónoma os coñecementos e estratexias que forman o seu repertorio lingüístico, para mellorar a súa capacidade de comunicar e de aprender a lingua estranxeira, co apoio doutros participantes e de soportes analóxicos e dixitais, valorando as competencias que posúe como persoa plurilingüe.	Utilizar e diferenciar de forma progresivamente autónoma os coñecementos e estratexias que forman o seu repertorio lingüístico.		
CA2.5 - Identificar os progresos e dificultades da súa aprendizaxe da lingua estranxeira, realizando de forma guiada actividades de autoavaliación e coavaliación, recoñecendo e valorando estratexias de logro propias e alleas; reproducindo aqueles aspectos que axudan a mellorar, facéndoos explícitos e compartíndoos con outros participantes.	Identificar os progresos e dificultades da súa aprendizaxe da lingua estranxeira		
CA1.1 - Recoñecer o sentido global moi evidente e as informacións específicas máis elementais de textos orais, escritos e multimodais breves e elementais sobre temas frecuentes e cotiáns de relevancia persoal e próximos á súa experiencia, expresados de forma facilmente comprensible, moi clara, sinxela e directa, e en lingua estándar.	Recoñecer o sentido global moi evidente e as informacións específicas máis elementais de textos orais, escritos e multimodais breves e elementais.		
CA1.4 - Producir oralmente textos curtos moi elementais a partir de modelos sinxelos e moi básicos, sobre temas moi cotiáns prestando atención á articulación, ao ritmo, á acentuación e á entoación para facer o texto intelixible, aínda que se cometan erros de pronuncia.	Producir oralmente textos curtos moi elementais a partir de modelos sinxelos e moi básicos.		
CA1.6 - Completar formularios e documentos moi elementais nos que se solicite de maneira evidente información persoal moi básica, en soporte tanto impreso como dixital.	Completar formularios e documentos moi elementais nos que se solicite de maneira evidente información persoal moi básica.	TI	36
CA1.8 - Pronunciar de xeito intelixible, mesmo cometendo algúns erros de pronuncia polos que as persoas interlocutoras teñan que solicitar repeticións para entender a mensaxe.	Pronunciar de xeito intelixible, mesmo cometendo algúns erros de pronuncia.		
CA1.9 - Participar en situacións interactivas moi breves e simples, cara a cara, establecendo contacto social elemental, intercambiando información moi básica, manifestando os seus gustos, facendo invitacións elementais e ofrecementos, e pedindo e dando indicacións suficientes para ir a un lugar.	Participar en situacións interactivas moi breves e simples, cara a cara, establecendo contacto social elemental, intercambiando información moi básica.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.10 - Interactuar de xeito simple pero suficiente, pedindo que se lle repitan os puntos clave, se o necesita; e sen que as súas posibles vacilacións e reformulación de expresións ou estruturas impidan a comunicación.	Interactuar de xeito simple pero suficiente, pedindo que se lle repitan os puntos clave.		
CA1.11 - Comprender preguntas elementais e dar e comprender información sinxela relativas á información persoal moi básica (nome, idade, domicilio etc.), así como instrucións e peticións simples relativas ao ámbito escolar.	Comprender preguntas elementais e dar e comprender información sinxela relativas á información persoal moi básica.		
CA1.13 - Amosar unha actitude de respecto cara a si mesmo/a e cara ás demais persoas para comprender e facerse comprender, considerando o erro como fonte de aprendizaxe.	Amosar unha actitude de respecto cara a si mesmo/a e cara ás demais persoas.		
CA2.1 - Transmitirlles a terceiras persoas información moi simple e previsible, de interese inmediato, de palabras e de textos moi curtos e moi simples como sinais, paneis de información, palabras de menús, prezos, horarios etc., mostrando respecto e empatía polas persoas interlocutoras e polas linguas empregadas.	Transmitirlles a terceiras persoas información moi simple e previsible, de interese inmediato, de palabras e de textos moi curtos e moi simples.		
CA2.2 - Aplicar de forma guiada estratexias elementais que axuden a crear pontes e faciliten a comunicación, usando recursos e apoios físicos ou dixitais en función das necesidades de cada momento.	Aplicar de forma guiada estratexias elementais que axuden a crear pontes e faciliten a comunicación.		
CA2.6 - Explicar o proceso de produción de textos e de hipóteses de significados, tomando en consideración o coñecemento do mundo e os coñecementos e as experiencias noutras linguas.	Explicar o proceso de produción de textos e de hipóteses de significados.		
CA3.1 - Recoñecer estereotipos, rexeitando aqueles que supoñen discriminación e prexuízos lingüísticos e culturais, e utilizar, de forma guiada, estratexias para explicar e comprender a diversidade lingüística, cultural e artística.	Recoñecer estereotipos, rexeitando aqueles que supoñen discriminación e prexuízos lingüísticos e culturais.		
CA3.2 - Aceptar e respectar a diversidade lingüística, cultural e artística propia de países onde se fala a lingua estranxeira como fonte de enriquecemento persoal, amosando interese por comprender elementos culturais, como formas de vida, hábitos, horarios etc., e lingüísticos.	Aceptar e respectar a diversidade lingüística, cultural e artística propia de países onde se fala a lingua estranxeira.		
CA3.3 - Participar en proxectos nos que se utilizan varias linguas e relacionados cos elementos transversais, evitando estereotipos lingüísticos ou culturais e valorando as competencias que posúe como persoa plurilingüe.	Participar en proxectos nos que se utilizan varias linguas e relacionados cos elementos transversais.		
CA3.4 - Utilizar adecuadamente as convencións orais e escritas máis básicas propias da lingua estranxeira no desenvolvemento do proceso comunicativo oral e escrito (saúdos, despedidas, fórmulas moi básicas de tratamento etc.), e amosar respecto polas diferenzas culturais que poidan existir.	Utilizar adecuadamente as convencións orais e escritas máis básicas propias da lingua estranxeira no desenvolvemento do proceso comunicativo oral e escrito.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos

- Curiosidade e interese por coñecer outras linguas e culturas. Actitude reflexiva ante o erro como parte integrante do proceso de aprendizaxe.
- Uso das estratexias básicas para a comprensión e a produción de textos orais, escritos e multimodais moi breves, elementais e contextualizados.
- Utilización dos coñecementos, destrezas e actitudes que permiten levar a cabo actividades de mediación en situacións moi elementais da vida cotiá (identificar unha persoa, transmitir unha listaxe de ítems do léxico aprendido).
- Funcións comunicativas elementais adecuadas ao ámbito e ao contexto comunicativo: saúdos básicos habituais, despedidas e presentacións; identificar características moi elementais de persoas, obxectos e lugares; preguntar e dar respostas concretas sobre cuestións moi básicas cotiás; expresar a cantidade, situar no espazo e secuenciar o presente (horarios e momentos do día).
- Uso de modelos contextuais elementais na comprensión e produción de textos orais, escritos e multimodais, breves e moi sinxelos (felicitacións, notas, listaxes ou avisos).
- Utilización de unidades lingüísticas elementais e significados asociados a elas tales como expresión da entidade (persoas e obxectos) e as súas propiedades (existencia, inexistencia), cantidade e número, e formas elementais de afirmación, exclamación, negación e interrogación.
- Utilización de léxico elemental e de interese para o alumnado relativo a relacións interpersoais elementais e próximas, vivenda e fogar, lugares e contornas próximas.
- Utilización e recoñecemento de patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación básicos: sons e fonemas vocálicos, sons e fonemas consonánticos, identificación e expresión de intencións comunicativas básicas asociadas a eses patróns.
- Utilización e recoñecemento de patróns gráficos e convencións ortográficas elementais: uso das normas elementais de ortografía da palabra, uso adecuado da ortografía da oración (coma, punto e coma), identificación e expresión de intencións comunicativas básicas asociadas a eses patróns.
- Utilización de convencións e estratexias conversacionais moi elementais, en formato síncrono ou asíncrono, para iniciar e terminar a comunicación, tomar a palabra etc.
- Uso de recursos para a aprendizaxe e estratexias de uso común de procura guiada e selección de información como dicionarios, recursos dixitais (tradutores, conxugadores...) e informáticos (correctores ortográficos).
- Respecto da propiedade intelectual e dereitos de autor sobre as fontes consultadas e contidos utilizados.
- Utilización de ferramentas analóxicas e dixitais básicas de uso común para a comprensión, produción e coprodución oral, escrita e multimodal; e plataformas virtuais de interacción e colaboración educativa.
- Uso de elementos coñecidos obtidos de modelos elementais de locucións básicas, para elaborar os propios textos.
- Comparación das linguas e variedades que conforman o repertorio lingüístico persoal para recoñecer estratexias elementais (identificar, organizar, reter, recuperar e utilizar unidades lingüísticas léxico, morfosintaxe, patróns sonoros etc.).
- Uso de estratexias e ferramentas de uso elemental, analóxicas e dixitais, para a autoavaliación e a coavaliación.
- Manexo de expresións e léxico específico de uso común para referirse aos usos da lingua e comprendelos, e as ferramentas de comunicación e aprendizaxe (metalinguaxe).
- Comparación entre linguas a partir de elementos da lingua estranxeira e outras linguas, para mellorar a súa aprendizaxe e lograr unha competencia comunicativa integrada.
- Consideración da lingua estranxeira como medio de comunicación e relación con persoas doutros países, e como medio para coñecer culturas e modos de vida diferentes.
- Interese na participación en intercambios comunicativos planificados, a través de diferentes medios, con estudantes da lingua estranxeira.
- Interese por coñecer aspectos socioculturais e sociolingüísticos elementais relativos aos costumes, á vida cotiá (comida, hábitos, horarios, actividades ou celebracións máis significativas) e ás relacións interpersoais básicas en países onde se fala a lingua estranxeira.
- Utilización de estratexias básicas de uso común para entender e apreciar a diversidade lingüística, cultural e

Contidos

- artística, atendendo a valores ecosociais e democráticos.
- Identificación dalgunhas similitudes e diferenzas elementais e máis significativas nos costumes cotiáns entre os países onde se fala a lingua estranxeira e o propio.
- Actitude receptiva e respectuosa cara ás persoas, os países e as comunidades lingüísticas que falan outra lingua e teñen unha cultura diferente á propia.
- Sensibilidade ante usos discriminatorios da linguaxe verbal e non verbal.

4.1. Concrecións metodolóxicas

Traballar de maneira competencial na aula supón un cambio metodolóxico importante; o docente pasa a ser un xestor de coñecemento e o alumnado adquire un maior grao de protagonismo. Lingua Portuguesa, malia que non é unha materia das denominadas instrumentais, ten unha extraordinaria conexión con outra que si é, Lingua e Literatura Galegas, debido á proximidade lingüística que hai entre as dúas. Cómpre ter en conta que o profesorado vai actuar coma guía e mediador de cara a facilitar a construción da aprendizaxe das competencias comunicativas esenciais en portugués adaptadas a cada nivel. Como é habitual, integraremos na práctica da aula todos os procedementos para traballar as capacidades básicas, isto é: escoita, fala, lectura e escrita; así coma os bloques de contidos, tendo en conta que imos:

- a) Fomentar a participación e a reflexión sobre o proceso de aprendizaxe, tanto individual coma grupal.
- b) Comprobar a aprendizaxe noutros contextos diferentes aos utilizados na aula.
- c) Relacionar os saberes aprendidos nas diferentes materias.

Cómpre salientar que os procedementos básicos son, obviamente, **extrapolábeis a outras áreas e contextos de aprendizaxes**. Nalgúns aspectos da materia, fundamentalmente naqueles que perseguen as habilidades de comunicación entre iguais e o desenvolvemento da expresión e comprensión oral, o traballo en grupo colaborativo achega, ademais do manexo de habilidades sociais básicas e o enriquecemento persoal desde a diversidade, unha plataforma inmejorable para adestrar a competencia comunicativa. Na materia de Lingua Portuguesa é indispensable a vinculación a contextos reais e a aplicación dos conceptos máis abstractos para mellorar o desenvolvemento lingüístico do alumnado. Para iso, as tarefas competenciais propostas facilitarán este aspecto e permitirán a contextualización de aprendizaxes en situacións cotiás e próximas ao alumnado. Por todo o cal as liñas metodolóxicas xerais, ademais das tres xa explicadas, deberán:

- Operar non só sobre o concreto senón tamén sobre conceptos e ideas.
- Fomentar a formulación de hipóteses.
- Buscar, seleccionar e tratar a información.
- Insistir na ordenación das ideas, comparación e a xerarquización.
- Elaborar percorridos ordenados, lóxicos desde a formulación de hipóteses á comprobación dos resultados.
- Expresar correcta, clara e ordenadamente os resultados.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Caderno de clase.

Cadernos específicos de ortografía e léxico en lingua portuguesa.
Dicionarios e gramáticas da lingua portuguesa.
Aula Virtual do CPI de Cova Terreña.
Páxinas web específicas de lingua portuguesa.
Presentacións e outros recursos dixitais do profesor da materia.

O curso desenvolverase preferentemente co aproveitamento de material didáctico disposto en formato electrónico e con orixe en diversas fontes (materiais da rede, libros de texto, manuais, gramáticas, libros de exercicios, etc), incluída a produción propia de materiais creados polo profesor deste curso. Todo isto atoparase a disposición do alumnado na Aula Virtual do CPI de Cova Terreña. Para o acceso a esta Aula Virtual, os alumnos e alumnas disporán dun código de acceso; este servirá tamén para establecer o contacto co profesor fóra do horario lectivo.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

A priori non se contempla unha avaliación inicial dos coñecementos en Portugués do noso alumnado, xa que é a primeira vez que reciben formación nesta materia. Con todo, é posíbel establecer unha pequena proba de tradución entre galego e portugués a fin de observar os coñecementos dos que partimos.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	15	20	16	15	20	14	100
Proba escrita	64	64	64	64	64	64	64
Táboa de indicadores	36	36	36	36	36	36	36

Criterios de cualificación:

A respecto dos criterios de cualificación, vaise empregar unha serie de instrumentos que, combinados, nos permitirán avaliar un maior número de aspectos. Teremos en conta para a avaliación e cualificación do alumnado os seguintes:

A. Valoración cualitativa do proceso individual. Traballo diario e actitude ante o uso oral da lingua. Faremos unha observación directa e diaria e valoraremos positivamente:

- Seguimento das instrucións dadas polos docentes.
- Presentación diaria e correcta do caderno de aula.
- Conservación das fichas que se repartan e que sirvan de apoio e reforzo á aprendizaxe.
- A corrección dos exercicios e actividades.
- O aproveitamento diario da clase.
- A realización de tarefas, no caso de seren marcadas.
- A realización e presentación de calquera traballo ou actividade en tempo e forma.

- A autonomía e a iniciativa persoal á hora de realizar unha actividade, resolver dúbidas (diccionario, consultas en internet ou en medios bibliográficos).
- A utilización da lingua portuguesa nas manifestacións espontáneas e de carácter académico.
- O esforzo por mellorar a pronuncia e ir adquirindo novo vocabulario.
- O rexeitamento de prexuízos.
- Respectar a quenda de palabra.
- Ser respectuoso coas opinións e comentarios dos ou das compañeiras.

Cando se incumpra en calquera destes aspectos, descontarase 0,1. A porcentaxe que resta este apartado á nota da avaliación será dun 10%, é dicir, un punto.

B. Proba oral.

Realizarase unha proba oral por avaliación, de xeito individual ou por parellas, en que o alumnado deberá demostrar que manexa a fonética da lingua portuguesa, a corrección gramatical e léxica, e que emprega correctamente os recursos da linguaxe xestual. A súa avaliación realizarase mediante rúbrica en que se terán especialmente en conta os seguintes aspectos:

- Organización do discurso.
- Coherencia e cohesión.
- Corrección fonética e morfosintáctica.
- Léxico propio da lingua portuguesa.
- Entoación, volume e interacción co resto do grupo.
- Orixinalidade e creatividade.
- Uso das TICs.

C. Valoración cuantitativa do progreso individual a través de probas escritas. Ao longo de cada trimestre realizaranse cando menos dúas probas escritas que recollerán preguntas en que o alumnado terá que demostrar que sabe e que sabe facer. Estas estarán sempre vinculadas cos criterios de avaliación, concretizados nos estándares de aprendizaxe que se establecen para cada criterio. As preguntas das probas levarán todas, ao seu carón, o seu peso.

Está previsto que as faltas de ortografía tamén resten entre 0,05 e 0,1 puntos, dependendo da gravidade da falta, aínda que debemos ter en conta que é a primeira vez que este alumnado se achega á lingua portuguesa e que, polo tanto, debemos ser comprensivos nese sentido.

A respecto das lecturas obrigatorias, inicialmente non está prevista a lectura de ningún libro.

En 1º de ESO teranse en conta as seguintes porcentaxes para avaliar o alumnado:

Probas escritas e orais:

1. A avaliación parte da media aritmética entre dous exames ou probas en cada trimestre, que suporán o 60% da cualificación global. Nestas probas incluíranse cuestións, exercicios e a realización de actividades correspondentes cos estándares de aprendizaxe indicados na programación para cada trimestre.

2. A lectura e/ou declamación de poemas ou textos en prosa, previamente fixados polo mestre, a exposición de traballos ou a lectura dos textos creados polos propios alumnos e alumnas que servirán para valorar a oralidade con outro 10 % da nota final da avaliación.

Dinámica de aprendizaxe:

3. Traballo diario na clase, a realización de pequenas actividades, os traballos realizados na casa e a actitude cara á materia, e a práctica da oralidade na aula en lingua portuguesa.

De seren negativos os resultados, a finais de xuño deberá realizarse unha proba escrita que incluírá preguntas que teñan como referencia os criterios de avaliación e as súas concrecións nos estándares de aprendizaxe deste nivel. A nota que figurará no boletín procederá exclusivamente dun exame escrito que conteña preguntas por un valor total de 10 puntos. Cada unha levará ao seu carón a puntuación que lle corresponde. Para aprobar a materia nesta convocatoria é necesario ter como mínimo 5 puntos no dito exame.

Criterios de recuperación:

A cualificación nesta materia é continua e progresiva; isto quere dicir que todos os contidos se van traballando ao longo do curso e que forman parte do corpus global desta materia en todas e cada unha das probas.

O alumnado que, trimestralmente, non supere a materia de Lingua Portuguesa, optará a unha proba de recuperación a finais do mes de xuño, mais sempre antes do remate oficial das clases, establecido para o 21 de xuño. A cualificación da avaliación será de insuficiente no caso de non acadar, como mínimo, unha nota de 3 nalgún dos instrumentos. Cando os distintos instrumentos superasen a restrición anterior, procederase ao cálculo da nota, tendo de ser esta de 5 puntos ou máis, sobre 10, para obter unha cualificación positiva.

5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes

Non se contempla este apartado xa que en 1º de ESO non pode haber materias pendentes.

6. Medidas de atención á diversidade

A educación secundaria obrigatoria organízase de acordo cos principios de educación común e de atención á diversidade. As medidas de atención á diversidade nesta etapa estarán orientadas a responder ás necesidades educativas concretas do alumnado e á consecución das competencias básicas e dos obxectivos da educación secundaria obrigatoria e non poderán, en ningún caso, supoñer unha discriminación que lles impida alcanzar os devanditos obxectivos e a titulación correspondente.

As unidades didácticas creadas polo profesorado amosan multitude de suxestións prácticas para dar resposta a estilos cognitivos, dominio de coñecementos, capacidades e necesidades do alumnado considerados individualmente e como grupo. Partindo deste proxecto curricular, haberá que realizar as adaptacións necesarias para atender a diversidade do alumnado. Para iso hai que delimitar os diferentes recursos que posibilitan o tratamento da diversidade. Algúns que se poderían implementar serían:

- Adaptar o material didáctico.
- Variar a metodoloxía segundo as necesidades de cada alumno e alumna.
- Propor actividades de aprendizaxe diferenciadas.
- Organizar grupos de traballo flexíbeis.
- Ampliar ou reducir bloques de contidos segundo o interese e a capacidade do alumnado.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6
ET.1 - Historia: a historia da lingua galega e portuguesa.	X	X				
ET.2 - Historia: as relacións entre os reinos de Castela e Portugal.	X	X	X			
ET.3 - Xeografía: o Parque Natural do Xurés e o Parque Nacional de Peneda-Gerês.				X	X	
ET.4 - Xeografía: a presenza da lingua portuguesa no mundo.						X

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Visita a Aquis Querquennis	Visita ao Parque Natural do Xurés e mais ao campamento romano e centro de interpretación de Aquis Querquennis.		X	

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Visita a Viana do Castelo	Visita á Casa dos Nichos, ao buque hospital Gil Eannes e á basílica de Santa Luzia.			X

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
Planificación
Avaliación do proceso ensino-aprendizaxe
Clima de traballo na aula
Motivación do alumnado
Traballo na aula

Descrición:

Na planificación:

- Realiza a temporalización tendo en conta as horas asignadas á materia e a duración dunha sesión de traballo.
- Selecciona e secuencia os contidos de maneira progresiva e tendo en conta os aspectos particulares de cada grupo.
- Planifica as clases de maneira aberta e flexíbel.
- Selecciona e elabora os materiais e recursos didácticos para desenvolver a práctica docente na aula.
- Prepara o material: apoio, reforzo, para o alumnado con necesidades especiais.
- Selecciona as lecturas tendo en conta os niveis ao que van dirixidas.
- Estabelece criterios, procedementos e instrumentos de avaliación correlacionados cos estándares de aprendizaxe.
- Coordínase co profesorado do propio departamento e doutros departamentos.
- Dá a coñecer a planificación de cada unidade de contido.

Na motivación do alumnado:

- Estabelece canles de comunicación para que o diálogo sexa fluído dentro e fóra da aula.
- Proporciona ao alumnado o apoio necesario durante o proceso de ensino-aprendizaxe.
- Desenvolve actividades de diversos tipos e características introducindo elementos novos.
- Fomenta un bo ambiente na aula.
- Promove a participación activa do alumnado.
- Relaciona os contidos, as tarefas e as actividades cos intereses do alumnado.
- Organiza actividades interactivas e en grupo para incentivar a socialización.

Na avaliación do proceso ensino-aprendizaxe:

- Realiza a avaliación inicial a fin de tomar as medidas individuais ou colectivas necesarias.
- Analiza os procesos e os resultados das prácticas, proxectos, exercicios probas e actividades en xeral.
- Estabelece medidas que permitan introducir melloras.
- Fai posíbel a realimentación na entrega e avaliación de prácticas e traballos indicando os aspectos nos que o alumnado pode e debe introducir melloras.
- Proporciona indicacións durante a realización do traballo práctico na aula.
- Supervisa de forma continua a resolución de exercicios e a realización de actividades que se desenvolven durante as sesións .
- Favorece os procesos de autoavaliación.
- Propón actividades complementarias para resolver problemas que xorden durante o proceso de ensino-aprendizaxe.
- Estabelece con claridade os criterios de avaliación e de puntuación.

- Informa ao alumnado e ás súas familias dos resultados obtidos.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

A respecto do procedemento de seguimento e avaliación, así como as propostas de mellora, propóñense as seguintes iniciativas:

- Realiza a avaliación inicial a fin de tomar as medidas individuais ou colectivas necesarias.
 - Analiza os procesos e os resultados das prácticas, proxectos, exercicios probas e actividades en xeral.
 - Estabelece medidas que permitan introducir melloras.
 - Fai posíbel a realimentación na entrega e avaliación de prácticas e traballos indicando os aspectos en que o alumnado pode e debe introducir melloras.
 - Proporciona indicacións durante a realización do traballo práctico na aula.
 - Supervisa de forma continua a resolución de exercicios e realización de actividades que se desenvolven durante as sesións .
 - Favorece os procesos de autoavaliación.
 - Propón actividades complementarias para resolver problemas que xorden durante o proceso de ensino-aprendizaxe.
 - Estabelece con claridade os criterios de avaliación e de puntuación.
- Informa ao alumnado e ás súas familias dos resultados obtidos.

9. Outros apartados